



Deputación  
DA CORUÑA

# Boletín de Medio ambiente

Nº 163

13/01/2021



En plena Costa Ártabra coruñesa atópase un dos conxuntos ambientais más importantes de Galicia: **a lagoa e a praia de Valdoviño**, zona batida polo mar onde numerosas especies de aves teñen o seu refuxio.

No conxunto de Valdoviño sobresae a **Lagoa da Frouxeira**, un humidal de gran valor ambiental, que desemboca na praia do mesmo nome e cun pequeno illote no medio, a Isla Lapela. No seu 1,7 km de lonxitude por 500 metros de anchura acolle unha interesante variedade de flora e fauna, polo que se considera **Zona RAMSAR** ou Humidal de Importancia Internacional e **ZEPA** – Zona de Especial Protección para as Aves, ademais de **LIC** - Lugar de Importancia Comunitaria.

## Noticias

### O 2021 é o Ano Internacional das Froitas e as Verduras: menos desperdicio e más saúde

O 2021 foi declarado pola Asemblea Xeral como o Ano Internacional das Froitas e as Verduras, para **promover o aumento do consumo** destes grupos de alimentos, **reducir o impacto ambiental**, e fomentar **estilos de vida más saudables**. “As froitas e verduras son a **pedra angular dunha dieta sa e variada**. Proporcionan ao corpo humano abundantes nutrientes, reforzan o sistema inmunolóxico e contribúen a reducir o risco de contraer moitas enfermidades. Con todo, a pesar destes enormes beneficios, non as consumimos en cantidades suficientes”, asegurou o Secretario Xeral da ONU durante o lanzamento oficial do Ano.

[Más Info](#)

### A Deputación licita por 130.000 euros a construcción de 24 fontes de auga públicas no Camiño Inglés

A Deputación da Coruña licita a instalación de 24 fontes de auga públicas no Camiño Inglés. O proxecto permitirá crear puntos de **abastecemento seguros cada 6 quilómetros**, aproximadamente, para que peregrinos e peregrinas poidan encher as súas cantimploras de xeito periódico e así **mitigar o impacto ambiental do consumo de auga embotellada**. Contarán cun **deseño común**, baseado en elementos naturais como **pedra e madeira**, co obxectivo de que os e as camiñantes **poidan recoñecelas** como punto seguro para poder abastecerse de auga.

[Más Info](#)

## As cidades poderían quentarse máis de 4 °C a final de século

Aínda que as cidades só ocupan ao redor do 3 % da superficie terrestre total, **máis da metade da poboación mundial vive en contornas urbanas**. Por esta razón, soportan unha parte importante dos efectos da crise climática mundial.

Ata o de agora, os modelos climáticos globais estableceronse para a análise a gran escala, o que deixou ás zonas urbanas pouco representadas. Un estudo publicado na revista Nature Climate Change estima que as rexións urbanas de todo o mundo poderían quentarse máis de 4 °C nun escenario de **quecemento global con altas emisións** e experimentar unha diminución da humidade relativa para 2100.

[Más Info](#)

## Green Deal: O camiño para unha Europa neutra climáticamente.

Ursula von der Leyen, presidenta da comisión europea presentou **o Pacto Verde da UE**, un plan que inclúe **cincuenta acciones concretas para a loita contra o cambio climático**, que pretende converter a Europa no primeiro continente climáticamente neutro no ano 2050.

O obxectivo deste 'EU Green Deal' é que Europa teña unha economía limpia, con cero emisións, e protexer o noso hábitat natural para mellorar o benestar das persoas, das empresas e que tome o liderado na acción climática en todo o planeta.

Este pacto verde pretende **transformar a economía da UE en plenamente sostenible**, levando a un cambio no modelo social e económico da Unión Europea, proporcionando ao mesmo tempo os recursos económicos que permita unha transición xusta.

[Más Info](#)

## Máis dunha trintena de bosques de frondosas autóctonas agardan para entrar no rexistro de masas consolidadas de Medio Rural

Mentres douce montes da provincia da Coruña (a Fraga de Areosa, no concello de Mesía, e o Monte Raño, en Irixoa) e cinco na de Pontevedra (o Monte Ventín, en Fornelo de Montes; o Agüeiros, en Caldas de Reis, o de Cas das Minas e San Bernabé e Límeres, ambos en Ceredo-Cotobade, e Aveloso en Moaña) convertéronse nos primeiros en entrar a formar parte do **Rrexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas** promovido pola Consellería de Medio Rural, outros 36 esperan para entrar a formar parte deste inventario. As vantaxes de entrar no rexistro pasan porque, por exemplo, serán prioritarios á hora de acceder a axudas públicas e mesmo poderían obter compensacións fiscais.

A idea de Medio Rural, administración promotora do rexistro, é coñecer exactamente onde están situados eses bosques formados, fundamentalmente, por **carballos, castiñeiro ou bidueiros**. Todo isto en liña co obxectivo de realizar unha maior ordenación forestal do bosque galego.

[Más Info](#)

## Sabías que...

Chámasele **biotopo** a unha área de condicións ambientais uniformes que prové espazo vital a un conxunto de flora e fauna. O biotopo é **case sinónimo do termo hábitat** coa diferenza de que hábitat se refire ás especies ou poboacións mentres que biotopo refírese ás comunidades biolóxicas.

# Mestura informativa

## RECEITA ECOLÓXICA: Receita do Canteiro de Letur de Bulgur

**INGREDIENTES:** 300 g de bulgur, un pemento verde italiano, un pemento vermello, un tomate, unha lata pequena de millo, aceite, sal e unhas poliñas de menta ou perejil para adornar.

**PREPARACIÓN:** Cocer o bulgur en abundante auga e sal: ver o tempo recomendado no envase.

Unha vez cocido pasar por auga fría e deixar escurrir.

Mentres cortar en dados moi finos todas as hortalizas e mesturar co bulgur, engadir un chorrito de aceite, mesturar todo moi ben e deixar repousar unha hora para que se mesturen os sabores...

[Máis Info](#)

## Nin tapóns nin palliñas: 2021, o ano que poñerá fin aos plásticos dun só uso

2021 ten moitas contas pendentes co medio ambiente. Ademais do crucial **Cume do Clima** aprazada polo coronavirus e a **aprobación definitiva da lei de cambio climático española**, este ano destaca pola **prohibición definitiva dos plásticos dun só uso** en todos os países da Unión Europea. Unha medida que foi aprobada en 2019 en Bruxelas e que podería supor un avance para reducir o número de residuos contaminantes que acaban nos océanos.

A lista de **utensilios prohibidos** está **composta** por bastoncillos para os oídos, bolsas, cubertos, vasos e pratos de plástico, palliñas, axitadores de bebidas, paus de globos, recipientes de alimentos que se vendan para consumir nese mesmo envase, así como tapóns e tapas.

[Máis info](#)

## O sabugueiro revélase como potente fonte de antioxidantes

Aínda que é unha **planta moi habitual en Galicia**, o seu aproveitamento para usos alimentarios non está moi estendido na comunidade

O **potencial antioxidante e protector** desta planta ten sido atribuído en **doenzas de diverso tipo**, as cales foron recompiladas nun artigo publicado no Journal of Functional Foods, unha revisión da literatura científica que precisamente aborda o poder antioxidante e beneficios para a saúde do sabugueiro na alimentación. O traballo menciona **doenzas respiratorias, catarros, enfermidades cardiovasculares, diabetes e obesidade**.

[Máis Info](#)

## A empresa alavesa Corowai, finalista nos Green Product Award 2021 coa súa cabana DIY

A empresa alavesa Corowai, que deseña e fabrica **cábanas para árbores** co concepto "Do it yourself", acaba de ser designada finalista nos **Green Product Award**, na categoría de "**Arquitectura e casas pequenas**". Estes premios son uns dos mais importantes a nivel mundial.

Corowai é un proxecto que deseña e fabrica cabanas para colocar no alto dunha árbore, cunha superficie de case 5 metros cadrados, con escala, trampilla de acceso, tellado e xanelas propias. Contan coa **declaración de conformidade da UE** e están 100% certificadas. A filosofía de Corowai baséase no **amor** dos seus **creadores** polas árbores e a natureza.

[Máis Info](#)

# Boas Prácticas

## Vehículos eléctricos e unha 'app' para evitar emitir máis de 6.000 kg de CO<sub>2</sub>

A combinación de **vehículos eléctricos** e a '**app**' de monitoreo '**Mobility**' permitiu á Deputación de Cádiz evitar a emisión de 6.226,98 KG de CO<sub>2</sub> á atmosfera e **aforrar 4.394 euros en combustible** no seu primeiro ano de uso.

A ferramenta informática '**Mobility**', xestionada pola Axencia Provincial da Enerxía, **permite realizar o seguimento dos 16 vehículos 100% eléctricos** cos que puxo en marcha o **Plan Provincial de Movilidad Sostible 2019**, e estimar cantas emisións de CO<sub>2</sub> déixanse de emitir á atmosfera ao prescindir dos impulsados por combustibles fósiles. Ademais, a aplicación é accesible mediante web, e **calcula o aforro económico para as arcas municipais** de cada un dos 13 concellos da Deputación, que implementan vehículos eléctricos.

[Más info](#)

## Un robot usará o láser para eliminar as malas herbas dos cultivos

Un **proxecto** coordinado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (**CSIC**) pon, unha vez máis, a tecnoloxía ao servizo da agricultura. Os seus investigadores idearon un vehículo ou robot que usará o láser para eliminar as malas herbas dos cultivos.

Esta proposta verde está dirixida a **alixear o traballo, mellorar a calidade dos produtos e do medio ambiente**. Ademais, ofrecer unha **alternativa sostible ao uso de produtos químicos** como pesticidas e praguicidas.

[Más Info](#)

## Sustentabilidade en 2021 en cinco regras 'básicas'

Ao redor de 13 millóns de toneladas de plásticos son arroxadas cada ano aos nosos mares e océanos, coas consecuencias que iso ten para a flora e a fauna; os efectos do cambio climático e a perda de biodiversidade.

Pero que podemos facer nós? Son moitas as pequenas accións e xestos que están nas nosas mans para facer do noso planeta un lugar mellor no que vivir. A empresa española **Green Cycles** propoñen **5 eco-tips para lograr un 2021 más sostible**. Green Cycles desenvolveu un **material plástico** que se desintegra, tanto en terra como na auga, en poucas horas e sen deixar ningún tipo de residuo nin microplástico, coidando así o noso medio ambiente.

[Más Info](#)

## Axenda Ambiental

- **Convocatoria do Pacto Verde Europeo.** Prazo límite: ata o 26/01/2021.
- **Concurso "Novos pola auga fronte ao Cambio Climático".** Prazo límite: 5/02/2021.
- **Xornada** de presentación do Programa de Antenas Rexionais da Rede Rural Nacional e dos talleres participativos no ámbito da Antena Rexional de **Galicia**. Data 13/01/2021. Evento online.

[Ver Boletíns anteriores](#)